

## Valores Sociais e Cívicos

- Ler o texto e reflexionar as actividades.

### **Aceptámonos e compartimos**

A colaboración entre persoas con calidades moi diferentes sempre adoita producir mellores resultados no traballo en equipo; por iso, nunca debemos rexeitar alguén por ser distinto. Todo o contrario. Cantos máis amigos teñamos e máis variados sexan, mellor.

Nunca se sabe cando necesitaremos a alguén que calcule ben ou que saiba cantar ou que comprenda ben aos demais ou que sexa forte, ou alto, ou atento, ou simpático... Todas as calidades poden resultar útiles se sabemos utilízalas adecuadamente e no momento oportuno. Por iso, debemos valorar aos demais e levarnos ben con todos.

Ás veces cústanos un pouco relacionármolos con alguén por algún motivo, pero iso non debe impedir que lle mostremos o noso respecto. Ademais, noutras ocasións acontece o contrario e son os demais os que han de ter paciencia connosco.

Sempre debemos tratar de estar atentos aos demais, ás súas necesidades. Habemos de facelo para axudar e consolar a aqueles que por algunha razón estean sufrindo. Dese xeito gañamos todos, porque se a alguén lle sobra algo e llo cede a quen o necesita, todos quedan satisfeitos. Ademais, nunca se sabe se non seremos nós os que necesitemos a axuda dos demais no futuro.

Colaborar cos outros é sempre positivo, pois esperta neles o sentimento recíproco de axudarnos.

#### ACTIVIDADES

- 1 Imaxina un grupo ideal de amigos e enumera as calidades que tería que ter cada un dos seus membros.
- 2 Poñede en común algunha ocasión na que axudádeses a alguén ou alguén vos axudase a vós.
- 3 Pensa nun bo compañeiro. En que che gustaría que che axudase porque non se che dá ben?